



CONCELLO DE A CORUÑA

PRTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO	CÓDIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 11/2007 Art. 30.2 y 30.3) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>	 3P4U 3D1B 0D11 6L27 0UA0
METADATOS (TEXTO)	
Identificador	RMPE110509
Número/Año	6489/2017
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA
Usuario Captura/Compulsa	EFI
Interesado Principal	CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO DIREC. XERAL CALID. AMBI CAMBIO CLIMATICO
Representante	
Descripción	Solicitud General
Páginas	1 (excluyendo esta portada)
Fecha Documento	
Fecha Registro	09/03/2017 00:00:00
Fecha Captura	10/03/2017 08:21
Valor CSV	3P4U 3D1B 0D11 6L27 0UA0
Tipo de Firma	PADES LONG TERM
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 11/2007 Art.30.2 y 30.3)
AVISO LEGAL	
Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 30.2 y 30.3 de la ley 11/2007, el Esquema Nacional de Interoperabilidad, las Normas Técnicas de Interoperabilidad, el decreto 198/2010 de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, por el que se regula el desarrollo de la administración electrónica en la Xunta de Galicia y en las entidades de ella dependientes la ordenanza municipal de digitalización certificada, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad.	
FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
	



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio
Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Alcalde do Concello da Coruña
Praza María Pita, 1
15001 A Coruña

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO DE NFGO ALIR ENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 2585 / RX 387037

Data: 07/03/2017 12:01:34



AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. REMISIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRÁTEXICO
E DO DOCUMENTO DE ALCANCE

Nome do plan: Plan especial Labañou PE-M18

Promotor: Comisión xestora "As Percebeiras"

Órgano substantivo: Concello da Coruña

Expediente: 2016AAE1978

Código web: 1882/2016

Achégolle Resolucóns da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático polas que se formula o informe ambiental estratéxico e o documento de alcance relativo ó Plan especial Labañou PE-M18, no Concello da Coruña promovido pola Comisión xestora "As Pecebeiras"

Remítense tamén unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan e que corresponden aos seguintes organismos:

- Servizo de Planeamento e Xestión do Concello da Coruña
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal
- Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental



Carlos Calzadilla Bouzón



CONCELLO DE A CORUÑA

PRTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO	CÓDIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 11/2007 Art. 30.2 y 30.3) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>	 3S6C 5045 6X21 4G3F 1712
METADATOS (TEXTO)	
Identificador	RMPE110509
Número/Año	6489/2017
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA
Usuario Captura/Compulsa	EFI
Interesado Principal	CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO DIREC. XERAL CALID. AMBI CAMBIO CLIMATICO
Representante	
Descripción	Aportación
Páginas	29 (excluyendo esta portada)
Fecha Documento	
Fecha Registro	09/03/2017 00:00:00
Fecha Captura	10/03/2017 08:22
Valor CSV	3S6C 5045 6X21 4G3F 1712
Tipo de Firma	PADES LONG TERM
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 11/2007 Art.30.2 y 30.3)
AVISO LEGAL	
Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 30.2 y 30.3 de la ley 11/2007, el Esquema Nacional de Interoperabilidad, las Normas Técnicas de Interoperabilidad, el decreto 198/2010 de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, por el que se regula el desarrollo de la administración electrónica en la Xunta de Galicia y en las entidades de ella dependientes la ordenanza municipal de digitalización certificada, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad.	
FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
	



RESOLUCIÓN DO 15 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL LABAÑOU PE-M18, NO CONCELLO DA CORUÑA

expediente 2016AAE1978, código web 1882/2016

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O Concello da Coruña conta cun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 25.02.2013. Este planeamento xeral foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE), sendo emitida a memoria ambiental o 09.03.2012.
- 2 O día 22.11.2016 recibiuse na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un escrito en representación da Comisión xestora "As Percebeiras" no que solicita iniciar o procedemento de AAE simplificada do *Plan especial Labañou PE-M18*. Acheaban a solicitude de inicio, un documento ambiental estratéxico (DAE) e o borrador do Plan para iniciar o procedemento de AAE simplificada, segundo esixe o artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 3 O dia 30.11.2016 a anterior Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental¹ iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través da sede electrónica, o cal finalizou o dia 30.01.2017. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de AAE previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.b) da dita Lei 2/2016 sinala que debe someterse ao procedemento simplificado de AAE o planeamento de desenvolvemento.
- 3 O artigo 75.3 b) da dita Lei establece que o órgano ambiental, tras validar a documentación presentada polo promotor, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de dous meses.
- 4 O artigo 31.2. da Lei 21/2013 establece que órgano ambiental emitirá o informe ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe poderá determinarse que o Plan ten efectos significativos no ambiente, e polo tanto debe someterse a AAE ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.
- 5 O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliação dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a

¹ Actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

CONSIDERACIONES TÉCNICAS

1. Características do Plan

Ámbito de actuación: Baleiro urbano situado na zona occidental do litoral costeiro da cidade, delimitado polo Paseo Marítimo ao norte, a Avenida de Labañou ao sur, o barrio de vivendas de María Pita ao leste, e por un conxunto de edificios pertencentes á Institución Benéfico Social Padre Rubinos na parte oeste.



Emprazamento do ámbito do PE-M18



Foto oblicua do ámbito

Obxecto: Levar a cabo o desenvolvemento urbanístico dun ámbito de solo urbano non consolidado contemplado no PXOM (PE-M18), na procura de ordenar un baleiro existente na zona de Labañou.

Superficie do ámbito: 43.941,92 m² (segundo a ficha do PXOM)

Superficie edificable máxima: 60.000 m².

Proposta: Establécese unha ordenación na que se mesturan **usos residenciais e terciarios**, concentrando as edificacións nunha superficie limitada, na procura de liberar espazos libres. O uso residencial colectivo supón o 83,33% da superficie total edificable, quedando os restantes 16,67% para usos terciarios.

A alternativa inicialmente proposta distribúe a superficie de uso residencial en **12 bloques de diferentes alturas**; tres edificacións de B+16, un de B+13, outros dous de B+11 e B+9 respectivamente, tres bloques de B+5 e outros tres de B+3. As zonas baixas das construcións destinanse aos usos terciarios.






Proposta de ordenación



Distribución de alturas dos bloques previstos



Sección transversal do terreo coa proposta de ordenación

A alternativa proposta contempla a apertura de tres viarios: un que conecta a Avenida de Labañou coa Rolda de Outeiro polo perímetro leste e norte, outro que discorre en dirección nordés-suroeste -paralelo ao do barrio de vivendas de María Pita-, e un terceiro que une os dous anteriores na parte central do desenvolvemento.

Proxéctase que as infraestruturas de **abastecemento e saneamento** sexan executadas mediante redes separativas de augas pluviais e fecais, para a súa posterior integración coas redes existentes nas contorna.

Os **espazos libres públicos** ($13.943,6\text{ m}^2$) sitúanse fundamentalmente no perímetro paralelo ao Paseo Marítimo e os edificios da Institución Benéfico Social Padre Rubinos. Estes espazos libres conforman as zonas verdes ($13.537,6\text{ m}^2$) e os espazos libres de uso peonil (406 m^2). A maiores xéranse espazos verdes de uso privado ($6.835,5\text{ m}^2$).

Conforme establece a ficha do PXOM, a proposta contempla unha parcela destinada a **equipamento público** ($1.598,77\text{ m}^2$) nunha zona limítrofe polo leste. A execución deste equipamento non depende do desenvolvemento do Plan, xa que actualmente conta cos servizos urbanísticos necesarios.

O desenvolvimento prevé 360 prazas de **aparcadoiro** público, concentradas na zona norte, baixo a rúa perimetral de nova creación que circunda as edificacións programadas (2 sotos). Por outra banda as 910 prazas de aparcadoiro privado previstas resólvense nos sotos dos novos edificios residenciais.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

Os terreos que abranguen o desenvolvimento conforman o maior baleiro urbano existente na fronte litoral da cidade, dende a Torre do Milenium ata a Torre de Hércules.



O Catálogo das paisaxes de Galicia inclúe o ámbito do Plan especial dentro da comarca paisaxística do Golfo Ártabro Litoral, formando parte da grande área paisaxística do Golfo Ártabro.

Os terreos do desenvolvimento conforman unha pradaría de mais de 4 ha, sen vexetación arbórea, na que se poden apreciar pequenos afloramentos rochosos na parte sur. O ámbito presenta unha topografía cunha moderada pendente cara ao mar dende a Avenida de Labañou.

Segundo a información disponible no ámbito non se localiza ningún elemento protexido do patrimonio cultural.





Nin no ámbito nin na súa contorna se insiren espazos naturais da Rede galega de espazos naturais protexidos ou da Rede Natura 2000².

Segundo os datos aportados pola empresa concesionaria do servizo de augas da cidade (EMALCSA), as redes xerais das infraestruturas de abastecemento e saneamento discorren pola Avenida de Labañou e o tramo final da Rolda de Outeiro. Tamén dispón de acceso ás redes de distribución eléctrica, gas e telecomunicacións.

O sector presenta unha boa accesibilidade, tanto a nivel local como supramunicipal. Tal como se indicou, son linderas ao ámbito a Avenida de Labañou e o Paseo Marítimo, vias que conectan o ámbito co resto da cidade, e a escasos 800 m ao oeste pódese enlazar coa Terceira Rolda (AC-14), permitindo a conexión supramunicipal.

No referente á mobilidade destacar que o sector ten ao alcance alternativas de transporte público e sustentable: na zona da Avenida de Labañou existe unha parada de autobuses urbanos, e no Paseo Marítimo (na zona do Milenium) localízase unha estación da rede municipal de alugueiro de bicicletas.

3. Período de exposición pública e consultas previas

A Comisión xestora "As Percebeiras" achega o borrador do "Plan especial Labañou PE-M18" e o documento ambiental estratéxico co contido establecido no artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicitando o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Conforme establece o artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, validase a documentación presentada, iniciando un período de consultas previas as administracións públicas afectadas, entre as que se destaca a consulta realizada ao Concello da Coruña, órgano substancial na tramitación deste plan.

A consulta estendeuse as persoas interesadas e público en xeral, na sede electrónica deste órgano ambiental, por un prazo de dous meses.

Durante o período de consultas recibiuse resposta do Servizo de Planeamento e Xestión do Concello da Coruña, do Instituto de Estudos do Territorio, da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:

Servizo de Planeamento e Xestión do Concello da Coruña

O informe sinala que ningunha das alternativas expostas no DAE cumple coas determinacións da ficha de desenvolvemento, na que se establece que a altura máxima da edificación será de 8 plantas, altura que poderá ser superada puntualmente de xeito xustificado.

As catro alternativas ordenan unha altura superior ás 8 plantas, equivalentes a planta baixa máis sete plantas segundo o regulado no PXOM.

A alternativa 1 propón concentrar a edificabilidade en cinco bloques de B-7/8, sen precisar en que puntos se van a superar as 8 plantas (B+7), non podendo determinarse, polo tanto, se a superación do número de plantas permitido é puntual. As outras tres alternativas propoñen unha ordenación máis aberta, superando ampliamente en todas elas as 8 plantas.

A alternativa escollida ordena a edificabilidade en 7 bloques de alturas variables dende B+3 ata B+16. Segundo a documentación presentada, a superficie das parcelas que superan a altura máxima permitida supón o 40,73% da superficie total sobre rasante, é dicir, sen ter en conta as plataformas

² Conforme ás categorías incluídas na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia

nas que se asenta a edificación. Esta porcentaxe non se considera unha superación puntual do número de alturas permitido, debendo de axustarse a ordenación aos parámetros da ficha urbanística.

As alternativas propostas invaden a superficie de solo reservada para espazos libres (na ficha do desenvolvemento) que, se ben son indicativos, forman parte da ordenación do PXOM. Polo tanto, deberá xustificarse a ocupación deses terreos, e que a superficie destinada a espazos libres se compensa con outra equivalente de características similares.

Instituto de Estudos do Territorio

Consideran que as razóns aportadas para propor a articulación do Plan en alturas variables, pode considerarse unha axeitada solución de integración paisaxística.

Sinalan que os novos edificios constituirán un importante fito visual dada a súa alta visibilidade, polo que será determinante o seu deseño arquitectónico (materiais, cores e perfilado dos volumes). Entenden que o plan melloraría se se estudasen e establecesen os oportunos criterios ao respecto. Tamén se fai referencia a que os novos edificios deben presentar unha imaxe uniforme ou, cando menos, un deseño conxunto que evite contrastes non harmónicos de materiais, cores ou texturas.

Enténdese que son importantes as condicións de deseño dos espazos públicos, na medida en que son elementos textureais da paisaxe urbana, considerando positivo para a calidad paisaxística a proposta de amplas zonas verdes que reducen a presenza de vehículos en superficie. Recoméndase o emprego de especies vexetais autóctonas, como pode ser o loureiro, o carballo ou o érbedo.

Conclúen que o plan especial producirá un efecto significativo sobre a paisaxe, dada a situación e as características da ordenación, se ben se trata dunha actuación propia das contornas urbanas, cuxos efectos non poden cualificarse como negativos, especialmente se se adoptan as cautelas recomendadas no informe.

Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal

Fan constar que a zona de actuación non afecta a ningún monte vecinal en man común, e que as actuacións proxectadas teñen lugar dentro dun ámbito de solo urbano. En consecuencia, sinalan que non teñen nada que obxectar á realización do proxecto.

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnológica

No visor cartográfico do Plan director de acuicultura litoral de Galicia (PDAL) observase que todo o polígono está catalogado co nivel I de protección (zona sen protección de ningunha clase).

As actuacións previstas dentro deste plan deben considerar a relación co PDAL e a posibilidade de desenvolvemento de acuicultura no seu ámbito. As zonas con nivel de protección I no PDAL, sempre que a lexislación sectorial ou o planeamento municipal non estableza un réxime máis limitativo e ata a aprobación do PDAL, son compatibles coa instalación de establecementos de acuicultura litoral.

4. Efectos ambientais provisibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Analizada a documentación recibida, as características do ámbito afectado, así como as respostas ás consultas realizadas, fanse as seguintes consideracións:

O Plan non establece un marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avallación de impacto ambiental. Non influe noutras plans ou programas, nin se considera pertinente para a integración de consideracións ambientais, ou para a implantación da lexislación en materia de medio ambiente.

Este plan especial prevé o desenvolvemento urbanístico duns terreos situados na fronte costeira que pecha a enseada do Orzán polo oeste, nunha contorna urbana que presenta unha elevada exposición visual.



Segundo informa o Concello da Coruña, o plan especial non se aídeúa ao previsto no planeamento para este ámbito. Todas as alternativas propostas ordenan unha altura superior a 8 plantas. Sendo así, o promotor deberá estudar outras alternativas de ordenación, considerando a altura de edificación establecida na ficha de desenvolvemento do ámbito, achegando a correspondente xustificación no caso de que puntualmente esta altura máxima se sobreponse.

Considerando as características do ámbito e os condicionantes expostos, os posibles efectos ambientais do PE serán avaliados en conxunto unha vez reformulada a proposta, en especial a súa afección sobre a paisaxe, o consumo de solo e de recursos.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, propóno someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan especial Labañou PE-M18, no Concello da Coruña.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro



O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

RESOLUCIÓN

Tendo en conta a proposta anterior, resolvo someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan especial Labañou PE-M18, no Concello da Coruña.

Este informe ambiental estratéxico farase público no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal); remitírase ao Concello da Coruña xunto co documento de alcance e o resultado das consultas realizadas elaboración do estudo ambiental estratéxico e continuar coa tramitación do Plan.

Contra esta resolución non procederá recurso algúin, sen prexulzo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do Plan.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático



Maria Cruz Ferreira Costa

ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA
E DEREITO Á VIVENDA

Planeamento

63110101GZ 631/2015/7

Exp.: PES-1/15

ASUNTO: Solicitud de informe técnico sobre o Estudio Ambiental Estratégico presentado pola Comisión Xestora As Percebeiras.

PROMOTOR: Comisión Xestora As Percebeiras.

1. ANTECEDENTES

O Xefe do Departamento de Planeamento remitiu o Documento Ambiental Estratégico do Plan Especial do PE M18 Labañou, presentado para a súa tramitación con data 05/08/2016, para que se informe se compe coas determinación do artigo 75.3.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

O documento foi redactado por Julio Calderón Carrero, con data 04.08.2016. O documento non está firmado polo técnico redactor, e non consta no documento cal é a titulación do mesmo, ou en que calidade firma o citado documento.

A documentación presentada foi obxecto dun informe técnico con data 15.09.2016, no que sa fixo unha observación sobre a necesidade de presentar un documento borrador do plan no canto do propio documento do Plan Especial.

2. INFORME TÉCNICO:

O obxecto do documento Ambiental Estratégico é iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratégica, segundo o establecido nos artigos 17 e seguintes da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental.

O artigo 18 establece que:

1. Dentro del procedimiento sustantivo de adopción o aprobación del plan o programa el promotor presentará ante el órgano sustantivo, junto con la documentación exigida por la legislación sectorial, una solicitud de inicio de la evaluación ambiental estratégica ordinaria, acompañada del borrador del plan o programa y de un documento inicial estratégico que contendrá, al menos, la siguiente información:

- a) Los objetivos de la planificación.
- b) El alcance y contenido del plan o programa propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.
- c) El desarrollo previsible del plan o programa.
- d) Los potenciales impactos ambientales teniendo en consideración el cambio climático.
- e) Las incidencias previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.

2. Si el órgano sustantivo comprobara que la solicitud de inicio no incluye los documentos señalados en el apartado anterior requerirá al promotor para que, en un plazo de diez días hábiles, acompañe los documentos preceptivos, con los efectos previstos en el artículo 71 de la Ley 30/1992, de 26 de



ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA

Planeamento

E 63110101GZ **631/2015/7**

noviembre. Asimismo, el órgano sustitutivo comprobará que la documentación presentada sea conformidad con la legislación sectorial cumple los requisitos en alia exigidos.

3. Una vez realizadas las comprobaciones anteriores, el órgano sustitutivo remitirá al órgano ambiental la solicitud de inicio y las documentación que se deban acompañar.

4. En el plazo de veinte días hábiles desde la recepción de la solicitud de inicio de la evaluación ambiental estratégica ordinaria, el órgano ambiental podrá resolver su inadmisión por algunos de las siguientes razones:

- Sí estimara de modo inequívoco que el plan o programa es manejablemente inviable por razones ambientales.
- Sí estimara que el documento inicial estratégico no reúne condiciones de calidad suficientes.
- Sí ya hubiese admitido o ya hubiese dictado una declaración ambiental estratégica desfavorable en un plan o programa sustancialmente similar al presentado.

Con carácter previo a la adopción de la resolución por la que se acuerda la inadmisión, el órgano ambiental dará audiencia al promotor, informando de ello al órgano sustitutivo, por un plazo de diez días hábiles que suspende el plazo para declarar la inadmisión. La resolución de inadmisión justificará las razones por las que se aprueba, y tanto a la misma podrán interponerse los recursos legalmente procedentes en vía administrativa y judicial, en su caso.

Por outro lado, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia regula no seu artigo 75.3.a) que:

3. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliação ambiental estratégica simplificada, en virtude do disposto no artigo 46.2, con carácter previo á aprobación inicial do documento, realizaranse os seguintes trámites:

a) O promotor remitirá ao órgano ambiental a solicitud de inicio da avaliação ambiental estratégica simplificada, á que anegará o borrador do plan e o documento ambiental estratégico, co conteúdo establecido na legislación vixente.

O artigo 186.3.a) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia dispón:


3. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliação ambiental estratégica simplificada, en virtude do disposto no artigo 46.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 81.2 deste regulamento, con carácter previo á aprobación inicial do documento, realizaranse os seguintes trámites (artigo 75.3 da LSG):

a) O promotor remitirá ao órgano ambiental a solicitud de inicio da avaliação ambiental estratégica simplificada, á que anegará o borrador do plan e o documento ambiental estratégico, co contenido establecido na legislación vixente (artigo 75.3.a) da LSG).

A os efectos previstos nesta leva, cando o promotor non sexa o concello, deberá presentar ante este a solicitud de inicio da avaliação ambiental estratégica simplificada para que, en cumprimento do establecido na normativa básica estatal, sexa este o que lle dea traslado dala ao órgano ambiental.

● borrador será un documento que conteña, cando menos, as liñas esenciais do planeamento e permita debater os seus artigos, obxectivos e solucións xerais.

Segundo o establecido nos artigos arriba indicados, a documentación precisa para iniciar o procedemento ambiental estratégico será un borrador do plan, neste caso, do Plan Especial, e un documento ambiental estratégico (ou documento inicial estratégico), xunto coa solicitud de inicio.





ÁREA DE REGENERACIÓN URBANA
E DEREITO Á VIVENDA

Planeamento

6110101GZ 631/2015/2

A vista da documentación presentada procede facer as seguintes consideracións:

A documentación obxecto do presente informe está composta polo Documento Ambiental estratéxico presentado con data 05.08.2016, e polo documento do Plan Especial Labañou PE M18, presentado con data 06.10.2016.

Tal e como se indicou no informe técnico de data 15.09.2016 o documento boirador do plan, que debe formar parte da documentación que o órgano sustantivo debe remitir ao órgano ambiental xunto co documento ambiental estratéxico, non é un boirador cu unha versión inicial do plan, senón que é o documento do Plan especial.

Polo tanto, reiterase o xa indicado no informe técnico precedente (de data 15.09.2016):

Non se apóta

Entendese que o documento ambiental estratéxico presentado se corresponde co documento inicial estratéxico regulado no artigo 18 e seguintes da Lei 21/2013, de avaliación.

Non se pode considerar que o documento do Plan especial presentado con data 04.03.2015 fai a función de boirador, porque segundo o disposto no artigo 21 o promotor elaborará a versión inicial do plan ou programa tendo en conta o estudo ambiental estratéxico, e presentarán ambos documentos ante o órgano sustantivo.


Por outra banda, e respecto a documentación que debe integrar cada un destes documentos esta é a indicada no artigo 18 da Lei 21/2013, isto é:

- a) Los objetivos de la planificación.
- b) El alcance y contenido del plan o programa propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables,
- c) El desarrollo previsible del plan o programa,
- d) Los posibles impactos ambientales teniendo en consideración el cambio climático,
- e) Las incidencias previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.

No documento denominado Documento ambiental estratéxico inclúense todos os documentos solicitados.

Ao respecto do contido da documentación, compre informar sobre o análise das alternativas propostas, que ningunha das alternativas propostas no documento ambiental estratéxico cumple coas determinacións da ficha de desenvolvemento do ámbito, que establece que "La altura máxima de la edificación será de 8 plantas. Puntualmente se podrá superar esta altura justificadamente".

O documento ambiental propón catro alternativas para a ordenación do ámbito ademais da alternativa 0, que é a de renunciar á execución do plan especial. Todas elas se ordenan con unha altura superior as 8 plantas, equivalentes a planta baixa más sete plantas, segundo o regulado polo vixente PXOM.



ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA

Planeamento

№ 63110101GZ ED 631/2015/7

A alternativa 1, que é a que propón que a edificabilidade se concentre en cinco bloques de alturas B-7/8, san precisar en que puntos se vai superar as 8 plantas (B+7), polo que non é posible determinar se a superación do máximo número de plantas permitido é puntual.

As alternativas 2 a 4 propoñen unha ordenación máis aberta que a anterior, pero en todas elas se supera amplamente as 8 plantas. A alternativa 4, considerada a óptima e polo tanto a alternativa proposta ordena a edificabilidade con 7 bloques, de alturas variables desde B+3 ata B+16. Segundo a documentación presentada a superficie das parcelas que superan a altura máxima permitida supón un 40,73% da superficie total do volume sobre rasante, asto é, sen ter en conta as plataformas nas que se asenta a edificación. Esta porcentaxe non é unha superación puntual do número de alturas permitido, polo que se debe axustar a ordenación presentada aos parámetros de ordenación da ficha.

Por outra banda, as alternativas propostas invaden a superficie de solo reservada pola ficha de desenvolvemento do PXOM para espazos libres, que se ben son indicativos, son parte da ordenación proposta polo PXOM, polo que deberá xustificarse a ocupación destes terreos e que a superficie destinada a espazos libres se compensa con outra equivalente de características similares.

3. CONCLUSIÓN

Por todo o arriba informado, conclúese que a documentación presentada contén deficiencias que deben ser subsanadas antes de continuar coa tramitación do Plan Especial proposto.

A Coruña, 21 de decembro de 2015.

A arquitecta municipal de Planeamento,

Asdo.: Beatriz Moar Ulloa.

O xefe do Dpto. de Planeamento,

Asdo.: Oscar Luis Peña Sánchez.

O xefe do Servizo de Planeamento e Xestión,

Asdo.: Juan Carlos Prado del Valle.

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA
E DEREITO Á VIVENDA
Departamento de Planeamento
63110801H7 631/2015/7
Exp.: PES-1/15

Ayo da Coruña - Concello da A Coruña	
REGISTRO GENERAL	
SAÍDA	
Fecha:	22/12/2016
Nº Neg.:	281
Código:	RS Planeamiento

Destinatario

MARCOS NUÑEZ QUINTANA
COMISIÓN GESTORA AS PERCEBEIRAS
C/ Cantón Pequeño 1 (Oficina Aliseda)
15003 - A CORUÑA

Trasladámoslle unha copia do informe técnico e xurídico municipal emitido en data 21/12/2016, relativo á solicitude de tramitación da documentación para o sometemento ao trámite de avaliación ambiental estratéxica do Plan Especial do PE M18, Labañou, presentado pola Comisión Xestora As Percebelras.

O que se lle comunica para que no prazo máximo de **dez días** presente no rexistro municipal a documentación requirida, para os efectos de continuar coa tramitación do expediente previsto no artigo 29.2 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental estratéxica e artigo 46.2.a) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

OPS/mciv

A Coruña, 22 de decembro de 2016

● xefe do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo,

Juan Carlos Prado del Valle

Nº DE EXPEDIENTE

ACTO NOTIFICADO

Mod. 85 PLUS - 26

DEPARTAMENTO DEL ENVÍO: REllenar por el cliente en mayúsculas
DESTINATARIO DEL ENVÍO: CUBRIR POLO CLIENTE EN MAYÚSCULASAviso de Recibo
NOTIFICACIÓN

Dirección:
Nicolas Nuñez Quintela
 Domicilio:
Calle Pequeña 1
 C.P. y Población:
(Oficina Aliseda)
 C.P. e Municipio:
 Provincia:
15003 A Coruña

• EDUCAJOL • COLEJOL • COLEGIAL • COLEGIAL INFORMATICA • GESTAJOL

• CORRIOS ONLINE • CORRIOS OFLINE • CORRIOS VIRTUAL • CORRIOS

• CORRIOS GRANJA • CORRIOS DE INVESTIGACIONES • CORRIOS

REMITENTE DEL ENVÍO: REllenar por el cliente en mayúsculas
REMITENTE DEL ENVÍO: CUBRIR POLO CLIENTE EN MAYÚSCULAS

Destinatario:


D.D.:

Domicilio:

C.P. y Población:

C.P. e Municipio:

Provincia:



RECIBIDOR

Para que avíe de la fecha en la que se realizó el alta del destinatario
o/a que envíe factura que se envió indicado fechá de entrega

 Entregado Retirada / Recibido

2015-10-12 14:46:22

FECHA / DATA

00:00	10:00
10:00	18:00
18:00	00:00

NOMBRE DEL RECEPTOR / FIRMA DEL RECEPTOR

NOTIFICACIÓN

SEÑAL DE LA OFICINA DE
ENTREGA O DEVOLUCIÓN /
SEÑAL DE OFICINA DE
ENTREGA O DEVOLUCIÓN /


OFFICINA
IDENTIFICACIÓN
INTENTO

IDENTIFICACIÓN:

201446.
FIRMA EMPLEADO:
SIGNATURA ENTREGADO:

FIRMA DEL RECEPTOR / FIRMA DEL RECEPTOR

29/10/15 13:12

INTENTO

ENTREGA DOMICILIARIA

ENTREGA A DOMICILIO

INTENTO

IDENTIFICACIÓN

<input checked="" type="checkbox"/> 1. Entregado a Domicilio
<input type="checkbox"/> 2. Dirección incorrecta Enderezo incorrecto
<input type="checkbox"/> 3. Absente Receptor
<input type="checkbox"/> 4. Desconocida Desconocido
<input type="checkbox"/> 5. Fallaciosa Fallaciosa
<input type="checkbox"/> 6. Retrasada Retrasado
<input type="checkbox"/> 7. No se hace cargo No se fa cargo

FIRMA EMPLEADO:
SIGNATURA ENTREGADO:

FIRMA DEL RECEPTOR / FIRMA DEL RECEPTOR

29/10/15 13:12

8. Entregado
9. No retirado Non retirado

PLA-631/2015/7

U-13-12

30



INFORME NO PERÍODO DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Expediente IET: P-16-597

Plan ou programa: Plan especial Labañou PE-Mas

Concello: A Coruña

Promotor: Comisión Xestora "As Percebeiras"

Expediente AAE: 2016AAE1978

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	
REGISTRO INTERNO	
25 XAN. 2017	
ENTRADAS	SALIDA
Nº	Nº 41

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio o borrador e o documento ambiental estratéxico do plan de referencia, dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe, as cales encádranse no marco da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

A actuación desenvólvese na zona de Labañou, situada no borgo costeiro que pecha a enseada do Orzán pola súa beira occidental. O plan especial ten como obxectivo a urbanización de 43.941 m², que presenta unha leve pendente dende a avenida de Labañou, ao sur, ata o paseo marítimo ao norte, e linda polo oeste cunha serie de vivendas de catro alturas (B+3, grupo de vivendas María Pita), e polo leste cun edificio dotacional.

O plan ordena cinco áreas edificables, organizadas sobre unha rede viaria e de espazos libres que articulan as conexións co tramo urbano da contorna. Deses cinco áreas, a situada máis ao norte fai de remate do grupo de vivendas María Pita, cunha altura de catro plantas como estas últimas. Outras tres áreas, situadas na parte central e de maior dimensión, se organizan en bloques lineais de traza irregular con seis plantas de altura (B+5) rematados nos extremos con torres de 9, 13 e 17 plantas de altura (altura crecente ao separarse da costa). A última as edificacións é unha torre, exenta, de 14 plantas, situada no extremo sureste.

En relación co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, o ámbito da actuación sitúase na comarca paisaxística Golfo Ártabro Litoral, incluída na grande área paisaxística Golfo Ártabro. Pertence á unidade da paisaxe 03_03_135 "A Coruña" do Plan de Ordenación do Litoral (POL aprobado por Decreto 20/2011, do 10 de febreiro), atopándose na área continua de ordenación.

O plan inclúe un estudo de impacto e integración paisaxística, no que se describe a paisaxe de acollida e se analizan as diferentes alternativas de ordenación. Inclúe unhas fotomontaxes nas que se amosa a integración da actuación na súa contorna, desde tres puntos de observación situados na cunca visual.

A contorna é eminentemente urbana, se ben se trata duns terreos baldíos situados na mesma fronte costeira, e cunha moi alta exposición visual desde boa parte da enseada de Riazor-Orzán, de tal modo que as novas edificacións conformarán o remate polo oeste da fronte edificada que pecha a enseada.

As fotomontaxes presentadas amosan que as novas edificacións quedarían integradas no perfil urbano desa parte da cidade, máis concretamente en relación co fondo que conforman as

edificacións do polígono de Os Rosales. Neste sentido, tendo en conta as razóns que expresa o plan para proponer unha articulación de alturas variables, esta pode considerarse como unha solución adecuada de integración paisaxística.

En calquera caso, dada a alta visibilidade que terán os novos edificios, estes constituirán un importante fito visual, polo que resultará determinante o seu deseño arquitectónico, en canto aos materiais e cores escollidas e ao perfilado detallado dos diferentes volumes. Estes serán os aspectos que finalmente determinarán a maior ou menor calidad do resultado, e por este motivo o plan especial enriqueceríase se se estudasen e se establecesen os oportunos criterios a respecto das citadas cuestións. En particular, os novos edificios deben presentar unha imaxe uniforme, ou cando menos un deseño conxunto que evite contrastes non harmónicos de materiais, cores ou texturas.

Tamén resultan importantes, pero a unha escala diferente, as condicións de deseño dos espazos públicos, na medida en que son elementos texturais da paisaxe urbana. Nesta cuestión o plan prevé amplas zonas verdes e reduce a presenza de vehículos en superficie, solucións positivas para a calidad paisaxística. Neste aspecto recoméndase o emprego de especies vexetais autóctonas (como loureiro, carballo ou érbedo).

Como conclusión pode sinalarse que o plan especial producirá un efecto significativo sobre a paisaxe, dada a situación e as características da ordenación, se ben se trata dunha actuación propia das contornas urbanas, cuxos efectos non poden cualificarse como negativos, especialmente se se adoptan as cautelas recomendadas neste informe.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2017

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe



O director do Departamento Técnico de Estudos



Inés Sante Riveira



Informe relativo ao Plan Especial Labañou, PE-M18 (A Coruña)

Unha vez revisada a solicitude de referencia, se informa o seguinte:

O Concello de A Coruña proxecta o desenvolvemento urbanístico do sector de solo urbano non consolidado PE-M18.

Dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica (exp.: 2016AAE1978), a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas abriu un prazo de consultas segundo establece a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Logo de revisar a documentación aportada polo solicitante, comprobouse que, segundo os datos do Servizo de Montes de A Coruña, a zona de actuación non afecta a ningún monte de xestión pública nin clasificado como monte vecinal en man común, e que as actuacións proxectadas teñen lugar dentro dun ámbito de solo urbano.

Poras razóns expostas, este servizo non ten nada que obxectar á realización do proxecto de referencia.

A Coruña, 1 de decembro de 2016

A enxeñeira do servizo de Montes

Asdo.: Angela de Miguel Espejo

Vº e Pr.

O xefe do servizo de Montes

José Luis Chan Rodríguez



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

DIRECCIÓN XERAL DE PESCA

ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Llocalio Administrativo São Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 62 86 - Fax 981 54 62 68

galicia

INFORME RELATIVO AO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRÁTEXICA DO PLAN ESPECIAL LABAÑOU PE-M18, CONCELLO DE A CORUÑA (EXPEDIENTE 2016AAE1978, CÓDIGO WEB 1882/2016).

INTRODUCCIÓN

Con data do 30.11.2016, a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comunica por correo electrónico á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica que está a exposición pública na páxina web da Consellería (http://www.cinal.xunta.es/temas/Avaliacion_ambiental) o documento ambiental estráxico e o borrador do seguinte plan:

Nome do plan: Plan especial Labañou PE-M18.

Promotor: Comisión xestora "As Percebeiras"

Órgano substantivo: concello de A Coruña.

Expediente: 2016AAE1978

Código web: 1882/2016

No corrente se remitiran as observacións e suxestións que se estimen oportunas en relación aos posibles efectos ambientais significativos do planeamento.

DESCRICIÓN DO PLAN

Esta actuación localízase dentro do solo urbano da cidade de A Coruña, no barrio de Labañou. Este Plan Especial desenvolve o planeamento previsto no PXOM para a área delimitada como PE-M18. Solo Urbano non Consolidado. A súa superficie total do plan é de 43.911,92 m² e superficie edificable 60.000 m². Os obxectivos son:

- Conectar a Avd. de Labañou coa Ronda de Outeiro.
- Obter un espazo liso xunto ao Paseo Marítimo que permita a conexión entre os xardins Torrente Ballester e o Paseo Marítimo.
- Concentrar a edificación ao outro lado do novo viario.

INFORME

Analizada a información disponible nesta unidade, no que respecta ao sector da acuicultura, informamos que:

1.- Establecementos de acuicultura autorizados

Segundo o Registre de Establecementos de Acuicultura no ámbito do Concello de A Coruña hai dous establecementos de acuicultura mariña autorizados: un criadeiro en zona terrestre dedicado ao cultivo de poliquetos (*Diopatra neapolitana* e *Soleptoma impatiens*), Galibai Cebos Vivos S.L., e un parque de cultivo na zona marítimo-terrestre para o cultivo de moluscos (ameixa fina *Ruditapes decussatus*, ameixa tubosa *Fenestrula corrugata* e ostra plana *Ostrea edulis*) a nome de Gervasio García Lafuente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

DIRECCIÓN XERAL DE PESCA

ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Edificio Administrativo San Caelano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 82 88 - Fax 981 54 62 88

galicia

No ámbito do concello non existen instalacións de acuicultura continental segundo a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de Pesca Fluvial (DOG nº 151 de 8 de agosto de 1992).

2.- Planificación da acuicultura

2.1. Con respecto a planificación actual da acuicultura, o Consello da Xunta de Galicia do 26 de maio de 2011 declarou a acuicultura como de interese público de primeiro orden e, posteriormente, o 18 de outubro de 2012 foi aprobada a Estratexia Galega da Acuicultura (ESGA) de cara a impulsar e promover o desenvolvemento da acuicultura en Galicia. No marco da ESGA estanse elaborando entre outros os seguintes plans:

- Plan Director de Acuicultura Litoral de Galicia (PDAL).
- Plan de Ordenación dos Cultivos Marinos na Zona Marítima (POCUMA).


2.2. Mientras non se aprueba o PDAL, a Orde do 15 de marzo de 2012, concunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e do Medio Rural e do Mar, sobre réxime da avaliación ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona terrestre establece o réxime aplicable para os establecementos en virtude da normativa vixente. No visor cartográfico do PDAL (<http://visoresga.emai.xunta.es/esga/xecoportal.html>) obsérvase que todo este polígono está catalogado en nivel I de protección (zona sen protección de ningunha clase).

3.- Actuacions previstas

As actuacions previstas dentro deste plan debe considerar a relación co PDAL e a posibilidade de desenvolvemento de acuicultura no seu ámbito. As zonas con nivel de protección I do PDAL, sempre que a legislación sectorial ou o Planeamento municipal non estableza un réxime máis limitativo e ata a aprobación do PDAL, é compatible coa instalación de establecementos de acuicultura litoral.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2016

A xela de sección de Xestión da Acuicultura



Matilde Alonso Acosta



RESOLUCIÓN DO 16 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE FORMULA O DOCUMENTO DE ALCANCE PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA DO PLAN ESPECIAL LABAÑOU PE-M18, NO CONCELLO DA CORUÑA

Expediente: 2016AAE1978, código web: 1882/2016

Con base na proposta de resolución do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe

ANTECEDENTES

- O Concello da Coruña conta cun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 25.02.2013. Este planeamento xeral foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, sendo emitida a memoria ambiental o 09.03.2012.
- O dia 22.11.2016 a anterior Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental¹ recibiu un escrito da Comisión xestora "As Percebeiras" no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Plan especial Labañou PE-M18 no Concello da Coruña, ao abeiro da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Achegaban o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan.
- O dia 30.11.2016 acórdase someter o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan, a un período de consulta pública durante un prazo de dous meses na sede electrónica deste órgano ambiental, que finalizou o dia 30.01.2017. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións públicas.
- O dia 15.02.2017 esta Dirección Xeral emite o informe ambiental estratéxico, resolvendo a necesidade de someter dito Plan especial a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

CONSIDERACIONES LEGAIS

- Os plans de ordenación urbanística están vinculados xerarquicamente ás determinacións das Directrices de ordenación do territorio² (DQT) e do Plan de ordenación do litoral³ (POL), debéndose redactar en coherencia con eles.
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- O artigo 46.1.d) da Lei 2/2016 sinala que deben someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada cando así o decida o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico.

¹ Actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

² Instrumento de ordenación territorial aprobado definitivamente mediante Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, que establece o marco xeral de referencia para a formulación dos plans de ordenación previstos na legislación urbanística.

³ Instrumento de ordenación do territorio aprobado definitivamente mediante Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, que establece os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios da sostenibilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e puesta en valor das zonas costeiras.

- 4 O artigo 31.2 a) da Lei 21/2013, establece que o órgano ambiental -unha vez resolta a emisión do informe ambiental estratéxico- notificará esta decisión ao promotor xunto co documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e o resultado das consultas realizadas, para que continúe coa tramitación do procedemento de avaliación ambiental ordinaria.
- 5 O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

CONSIDERACIONES TÉCNICAS

1. ÁMBITO DE ACTUACIÓN E PRINCIAIS VALORES AMBIENTAIS

O sector obxecto do Plan especial, situado na zona de Labañou, conforma o maior baleiro urbano da frante litoral da Coruña, dende o Millennium ata a Torre de Hércules, marcando o remate do arco costeiro setentrional da cidade na súa parte occidental.



O ámbito, de **43.941,92 m²** de superficie, presenta unha topografía cunha moderada pendente cara ao mar dende a Avenida de Labañou. Os terreos delimitados conforman unha pradaría carente de vexetación arbórea na que se poden apreciar pequenos afloramentos rochosos na parte sur.

O Catálogo das paisaxes de Galicia inclúe o ámbito do Plan especial dentro da comarca paisaxística do Golfo Ártabro Litoral, formando parte da grande área paisaxística do Golfo Ártabro.

Este sector contémplase no Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL) dentro da área de ordenación litoral cun grao de compatibilidade 1, polo que as súas determinacións son plenamente compatibles coas deste plan territorial integrado.

Nin no ámbito nin na súa contorna existen espazos naturais da Rede galega de espazos naturais protexidos ou da Rede Natura 2000⁴, como tampouco se localizan elementos protexidos do patrimonio cultural.

O desenvolvemento, enmarcado nunha contorna urbana consolidada, dispón de acceso inmediato ás redes municipais de abastecemento e saneamento, que discorren pola Avenida de Labañou e o tramo final da Rolda de Outeiro. Tamén conta con acceso ás redes de distribución eléctrica, gas e telecomunicacións.

⁴ Conforme ás categorías incluídas na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia.




O sector conta con boas conexións viarias tanto a nivel local como supramunicipal; a través das vías urbanas da Avenida de Labañou e o Paseo Marítimo conectase co resto da cidade, e a través da Terceira Rolda (AC-14), situada a escasos 800 m ao oeste, pódese enlazar coas estradas de eido supramunicipal.

Nas proximidades pódese acceder a alternativas de transporte público e sustentable; na Avenida de Labañou hai unha parada de autobuses urbanos, e no Paseo Marítimo (na zona do Millenium) existe unha estación da rede municipal de alugueiro de bicicletas.

2. OBJETIVOS DO PLANEAMENTO, ALTERNATIVAS E PROPOSTA INICIAL

O **obxectivo** do plan especial é levar a cabo o desenvolvemento urbanístico dun ámbito de solo urbano non consolidado contemplado no PXOM (PE-M18), na procura de ordear un baleiro existente na zona de Labañou. O desenvolvemento permitirá incorporar novos usos residenciais e terciarios no ámbito, así como espazos libres fronte ao Paseo Marítimo e unha nova conexión viaria entre a Avenida de Labañou e Rolda de Outeiro.

O borrador formula catro **alternativas** para o desenvolvemento. A alternativa 1 pretende concentrar a edificabilidade en bloques de B+7/8 cunha ordenación que concentra o espazo libre no interior; a alternativa 2 establece unha ordenación na que se considera unha única altura homoxénea de B+8/9; a alternativa 3 parte das mesmas alturacións que a anterior pero con maiores alturas (B+10/11) ademais de suprimir uns bloques previstos para a zona norte.




A alternativa escollida para a **proposta inicial** establece unha ordenación na que se mesturan usos residenciais e terciarios, concentrando as edificacións nunha superficie limitada, e procurando liberar espazos libres.

O uso residencial colectivo supón o 83,33% da superficie edificable, quedando os restantes 16,67% para usos terciarios. Os usos residenciais distribúense en 12 bloques de diferentes alturas (tres de B+16, un de B+13, outros dous de B+11 e B+9 respectivamente, tres de B+5, e outros tres de B+3), quedando as zonas baixas das construcións para os usos terciarios.

A proposta contempla a apertura de tres viarios: un que conecta a Avenida de Labañou coa Rolda de Outeiro polo perímetro leste e norte, outro que discorre en dirección nordés-suroeste –paralelo ao do barrio de vivendas de María Pita–, e un terceiro que une os dous anteriores na parte central do desenvolvemento.

Os espazos libres públicos ($13.943,6\text{ m}^2$) sitúanse fundamentalmente no perimetro paralelo ao Paseo Marítimo e os edificios da Institución Benéfico Social Padre Rubinos. Estes espazos libres conforman as zonas verdes ($13.537,6\text{ m}^2$) e os espazos libres de uso peonal (406 m^2). A maiores xéranse espazos verdes de uso privado ($6.835,5\text{ m}^2$).



Proxéctanse as infraestruturas de abasteceamento e saneamento mediante redes separativas de augas pluviais e fecais, para a súa posterior integración coas redes existentes na contorna.

A reserva de solo para equipamento publico sitúase nunha parcela lindreira ao sector polo leste, de $1.598,77\text{ m}^2$. A execución deste equipamento non depende do desenvolvemento da urbanización prevista, dado que actualmente é unha parcela que conta cos servizos urbanísticos necesarios.

O desenvolvemento prevé 360 prazas de aparcadoiro público, concentradas na zona norte, baixo a rúa perimetral de nova creación que circunda as edificacións programadas (2 sotos). Por outra banda, as 910 prazas de aparcadoiro privado previstas resólvense nos sotos dos novos edificios residenciais.

3. CONSULTAS REALIZADAS

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, a través da súa sede electrónica (http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental), someteu o borrador do planeamento e o documento ambiental estratéxico (DAE) a consulta das administracións públicas afectadas, persoas interesadas e público en xeral, durante un prazo de dous meses, para que puidesen formular as observacións e suxestións que estimasen oportunas.

Durante a fase de consultas previas recibíronse observacións e suxestións por parte da ÁREA de Rexeneración Urbana do Concello da Coruña, do Instituto de Estudos do Territorio, da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. As observacións e suxestións achegadas foron resumidas no informe ambiental estratéxico (IAE) sendo integradas as súas consideracións neste documento de alcance.



4. CONSIDERACIONES PARA A INTEGRACIÓN DOS ASPECTOS AMBIENTAIS E A SUSTENTABILIDADE DO PLAN

De acordo co proceso de avaliación ambiental estratéxica, a formulación da proposta deberá garantir unha axeitada integración dos aspectos ambientais de cara a contribuir “ao desenvolvemento económico equilibrado e sustentable do territorio, á cohesión social e á mellora da calidade de vida da poboación e á utilización racional do territorio e á sustentabilidade ambiental”, en coherencia co modelo territorial que establecen as Directrices de ordenación do territorio (DOT).

As observacións e informes recibidos fan consideracións de carácter cualitativo, documental ou normativo que implican cambios na ordenación inicialmente proposta. Parte das suxestións recibidas integráronse neste documento de alcance, porén, o promotor deberá considerar no proceso de elaboración do Plan a totalidade das observacións achegadas, para o cal remitenselle os textos íntegros recibidos.

Neste sentido, tendo en conta a documentación achegada (borrador do plan e DAE) e as suxestións recibidas durante a fase de consultas previas, fanse as seguintes consideracións:

Ocupación do territorio

Tanto a proposta inicial de ordenación, como as alternativas formuladas, deben ser revisadas para adaptarse ás determinacións establecidas na fícta do desenvolvemento do PXOM, fundamentalmente no tocante ás alturas das edificacións previstas. Neste sentido, a reformulación da proposta pode supoñer unha maior ocupación de solo, coa conseguinte perda de espazos libres, aspecto que deberá ser valorado no deseño da nova ordenación.

O sector debe adecuar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas, fundamentada nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia⁵.

Paisaxe

Na liña do sinalado polo Instituto de Estudos do Territorio, enténdese que os novos edificios previstos constituirán un importante fito visual dada a súa elevada visibilidade –derivada do seu emprazamento e condicións topográficas do terreo–, sendo determinante o seu deseño arquitectónico.



Perspectivas costeiras da proposta inicial

⁵ Determinación 3.1.4 das DOT

O desenvolvemento procurará establecer un axeitado remate do tramo urbano costeiro, acorde coa contorna do barrio de Labañou. Deberá elaborarse un estudo da paisaxe urbana –centrada na contorna do ámbito–, prestando especial atención ás tipoloxías edificatorias, aos materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredas, ao mobiliario urbano, á iluminación pública, así como ao tráfico e aparcadoiros de veñículos⁶.

O estudo da paisaxe urbana deberá incorporar as condicións de integración paisaxística e os impactos que poden producirse derivados da previsións do Plan.

Lémbrese que, na procura dunha axeitada integración paisaxística, serán de aplicación os criterios xerais e específicos establecidos nos artigos 75 e 76 do POL, en especial no relativo a relación de volumes e escalas das construcións que configuran o remate da fronte litoral.

Como criterio xeral, os edificios deberán adaptarse no posible á morfoloxía do terreo para conseguir unha maior integración visual e a menor alteración da topografía⁷.

Atmosfera e cambio climático

A Lei 21/2013 esixe a consideración do cambio climático no planeamento. A execución do sector levará implícito un incremento das emisións gasosas á atmosfera, derivadas do incremento do tráfico motorizado asociado ás novas residencias e usos terciarios previstos.

O plan deberá incorporar medidas preventivas e correctoras que minimicen o posible incremento de emisións, podendo consultar a Guía de medidas para a mitigación e adaptación ao CC no planeamento urbanístico editada pola FEMP, Rede española de cidades polo clima e colabora o MAGRAMA:

http://www.gea21.com/_media/publicaciones/guia_femp_medidas_ccc_planeamiento_urbano.pdf

O planeamento deberá promover sistemas de iluminación eficiente no alumeadío público, optimizando as frecuencias de uso, na procura de minimizar o consumo e evitar xerar novos focos de contaminación luminosa.

Ciclo hidráulico

O desenvolvemento deberá conter as análises e a planificación precisas para que o organismo de bacía poida avaliar a garantía da existencia de reservas de auga suficiente e da viabilidade da captación, tratamento e distribución da auga potable, da recollida da auga residual e a súa depuración, reutilización ou vertedura a medio receptor de forma sustentable, para as necesidades presentes e futuras da poboación e as actividades previstas⁸.

Fomentarase a máxima eficiencia nos sistemas de abastecemento e saneamento coa implantación das tecnoloxías que mellor se adapten ás condicións de demanda do recurso e de xeración de augas residuais, prestando atención ás consideracións recollidas no artigo 27 do POL.

Mobilidade

Se ben o sector non presenta limitacións de accesibilidade toda vez que, como se indicou anteriormente, conta con vías urbanas de acceso, carril bici –no Paseo Marítimo–, e acceso ás redes municipais de autobuses urbanos e de alugueiro de bicicletas. No entanto, o planeamento deberá elaborar unha análise sobre as necesidades de desprazamento existentes e derivadas das previsións

⁶ Determinación 8.6 das DOT

⁷ Artigo 75.i) do POL

⁸ Determinación 3.1.5 g) das DOT



do planeamento⁹, ademais de valorar a accesibilidade aos equipamentos comunitarios, considerando a súa articulación con fórmulas de transporte sustentable (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.)¹⁰.

Enerxía

O sistema enerxético deberá ir encamiñado, na medida do posible, á redución das necesidades enerxéticas e a facilitar a implantación de fontes renovables¹¹.

Ciclo de materiais

O planeamento deberá prever espazos para a recollida e xestión dos residuos, ademais de regular as actividades e procesos construtivos previstos, de xeito que se minimice o impacto do consumo de materiais. Será preciso garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos residuos, establecendo axeitadamente os reforzos ou melloras precisas derivadas do novo planeamento¹².

Por outra banda, o Plan tamén debe tomar en consideración o establecido na determinación 4.9.5 das DOT, sobre a redución no consumo de materiais e na produción de residuos.

NOTA: Como ferramenta de apoio para facilitar o proceso de análise do territorio e a definición de obxectivos ambientais, na páxina web de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (http://cmaot.xunla.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental), relacionanse unha serie de criterios de sustentabilidade. Os criterios organizanse por aspectos claves, que ao mesmo tempo, se agrupan por variables de sustentabilidade, entendendo estas como aqueles elementos territoriais (paisaxe, patrimonio natural, patrimonio cultural, ocupación do territorio, sociedade e economía) e aspectos ambientais (enerxía, atmosfera e cambio climático, ciclo hidráulico e ciclo de materiais) sobre os que o Plan especial vai incidir ou polos que se vai ver afectado.

5. CONTIDO, AMPLITUDE E NIVEL DE DETALLE DO ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

O estudo ambiental estratéxico (EsAE) é, en esencia, o resultado dos traballos de identificación, descripción e avaliación dos posibles efectos significativos no medio como resultado da aplicación do plan, e debe considerar alternativas razonables aos mesmos que sexan técnica e ambientalmente viables.

Dito documento deberá conter a data da súa conclusión e vir asinado polo seu/s autor/es, especificando a súa titulación, tal e como exige o artigo 16 da Lei 21/2013.

Atendendo ao contido mínimo que establece o anexo IV da Lei 21/2013, sen prexuízo de que o promotor incorpore cuestións que considere relevantes, o EsAE deberá conter os seguintes aspectos:

- Un esbozo do contido da proposta, incluíndo os seus obxectivos principais e as relacóns con outros plans e programas conexos, atendendo á análise de compatibilidade estratéxica (ACE), requirida na determinación 10.1.18 das DOT. Entre os instrumentos a considerar teranse en conta as DOT, o POL ou o Plan hidroíoxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.
- Un diagnóstico ambiental do ámbito territorial afectado polo Plan, que inclúa polo menos a seguinte información:
 - Aspectos relevantes da situación actual do medio e problemas ambientais existentes que sexan relevantes para o Plan.

⁹ Determinación 3.1.5.b das DOT

¹⁰ Determinación 3.1.5.c) das DOT

¹¹ Artigo 24 do POL

¹² Artigo 28 do POL

- Características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de xeito significativo polo desenvolvemento, derivadas do seu impacto na paisaxe urbana, a demanda de recursos derivada, a ocupación do solo resultante, etc.
 - Os **obxectivos de protección ambiental e análise de alternativas**: incluirase unha descripción das alternativas consideradas, atendendo ao disposto no capítulo 2 deste documento de alcance. Realizarase unha comparación ambiental das alternativas, sinalando en que medida estas contribúen á mellora da calidade ambiental e ao cumprimento dos obxectivos propostos, para o que se considerarán os criterios de sustentabilidade publicados na sede electrónica desta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. (http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental). Xustificarse a elección da alternativa finalmente seleccionada, a cal deberá ser coherente coa análise que se realice no EsAE.
 - **Análise dos probables efectos significativos no medio**: incluirá unha identificación e valoración dos posibles efectos ambientais sobre cada unha das variables ambientais, tendo en conta a súa probabilidade, duración, frecuencia e reversibilidade, e analizando tamén o seu posible carácter acumulativo. Xustificarse a metodoloxía empregada sinalando, de ser o caso, as dificultades atopadas. Respecto ao cambio climático, levarase a cabo unha avaliación adecuada da pegada de carbono asociada á proposta prevista. En canto ás afeccións á paisaxe terase en conta os resultados do estudo da paisaxe urbana que se elabore.
 - **Descripción das medidas** previstas para previr, reducir ou corrixir os efectos ambientais identificados e como estas contribúen á integración dos criterios de sustentabilidade.
 - **Seguimento ambiental**: establecerase e describirase nun programa de vixilancia ambiental, as medidas e indicadores que permitan verificar o cumprimento e evolución das seguintes cuestións:
 - Grao de cumprimento dos obxectivos ambientais propostos.
 - Estado de execución das actuacións previstas.
 - Envergadura dos efectos ambientais negativos derivados da súa posta en marcha.
 - Funcionamento das medidas preventivas, correctoras e compensatorias.
 - Metodoloxía para identificar os efectos ambientais adversos non previstos sobre os elementos do medio.
- Estas medidas e indicadores deberán ser acordes co disposto no capítulo 4 deste documento de alcance, e poden tomarse como referencia os indicadores que se atopan na web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio¹³.
- **Resumo non técnico**: incluirase un resumo, en termos facilmente comprensibles, da información facilitada en todos e cada un dos apartados previos do documento.
 - **Cartografía**:
 - O Plan deberá incluir todos os planos necesarios para a correcta descripción ambiental do ámbito, en coherencia coa análise realizada no EsAE. Así, ademais da cartografía esixida pola normativa urbanística, incluirase a das alternativas formuladas, a das características naturais do territorio, etc.

¹³http://cmaot.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental?contenido=SX_Calidad_e_Avaliacion_Ambiental/AAE/Avaliacion_ambiental_estralexica.html&std=7-Criterios_sustentabilidade.html



- A documentación cartográfica que se elabore axuslarase ás especificacións técnicas que figuran no apartado "Información cartográfica" da páxina web de avaliación ambiental estratégica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio¹⁴.

6. PROCESO DE INFORMACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

6.1. Modalidade de información pública e consultas

Conforme co disposto no artigo 75.1 a) da Lei 2/2016, o Concello da Coruña someterá a versión inicial do Plan especial, acompañada do estudo ambiental estratégico, a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

Simultaneamente ao trámite de información pública, o Concello deberá consultar ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas. En canto ás consultas a efectuar, sen prexuízo dos informes sectoriais que resulten preceptivos de acordo coa lexislación sectorial aplicable, en relación á avaliación ambiental do Plan especial, consultaránse ás seguintes administracións e organismos:

Administracións e organismos públicos

1. Administración xeral do Estado

- Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente
 - o Demarcación de Costas na Coruña

2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio:
 - Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
 - Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
 - Ente público Augas de Galicia
 - Instituto de Estudos do Territorio
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
 - Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

Público interesado:

- Federación Ecoloxista Galega
- Sociedade Galega de Historia Natural

6.2. Integración dos resultados

En consideración dos resultados do trámite de información pública e consultas, o promotor modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratégico e elaborará a proposta final do Plan. Elaborará ademais os seguintes documentos, tal e como especifica o artigo 24 da Lei 21/2013, do 9 de decembro:

- Informe de participación pública e consultas no que se describa o procedemento seguido, a relación de Administracións públicas consultadas e persoas interesadas, as datas de solicitude e resposta, así como dos medios empregados para a súa difusión. Conterá un resumo de cada unha das observacións, alegacións e informes recibidos, xustificando cómo

¹⁴ http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental

foron tomados en consideración e se integraron no planeamento. Ademais, xuntarase copia dos informes recibidos, así como un resumo das alegacións recibidas, xuntando copia daquelas que presenten temática ambiental.

■ Documento resumo no que se describa a integración na proposta final dos aspectos ambientais, do estudo ambiental estratéxico e da súa adecuación ao documento de alcance, do resultado das consultas realizadas e da súa toma en consideración.

O concello remitirá ao órgano ambiental todos estos documentos para que formule a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na súa sede electrónica.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Conforme:

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de planes e programas

Margarita Segade Castro



O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

RESOLUCIÓN

Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO formular o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico do Plan especial Labañou PE-M18 no Concello da Coruña en cumprimento do establecido no artigo 31.2 a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta resolución poñerase a disposición do público na sede electrónica desta Consellería (http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental). Remitirase ao promotor para que a teña en consideración na elaboración do Plan especial, e ao concello para que a publique na súa sede electrónica.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Maria Cruz Ferreira Costa